

Xitanos hoxe, unha ponte entre a escola e o contorno

Ao longo do curso 2005/2006 desenvólvense no IES Antonio Fraguas de Fontiñas en Santiago de Compostela diversas actividades arredor da convivencia e da educación intercultural. Neste contexto insírese a exposición Xitanos hoxe, experiencia educativa levada a cabo en colaboración coa Fundación Secretariado Xitano, que contribúe a detectar e facer visibles as diferentes realidades culturais do centro.

M.^a Antonia Callón Cameán
M.^a Inés Barreiro Noya
M.^a Dolores Sanz Lobo
María Gómez Paz
Susana Coromoto González
IES Antonio Fraguas Fraguas
Fundación Secretariado Xitano

Atención a Drogodependentes), dos servizos sociais e Cáritas, co tempo foise ampliando: Policía Municipal, Fundación Secretariado Xitano, diversas asociacións, etc. ata derivar nunha convocatoria mensual regulada. Estas reunións procuran a fluidez entre canles comunicativas co fin de facilitar a cooperación, a axilización de actuacións e o logro dun maior aproveitamento dos recursos comunitarios, sempre respectando as peculiaridades e achegas de cada un.

O IES Antonio Fraguas leva en funcionamento dezanove anos. É un dos catro centros educativos de Fontiñas, ten un total de 25 grupos, 577 alumnos e alumnas e 63 docentes que imparten clase. Presenta unha realidade multicultural e unha situación de partida heteroxénea. O centro educativo non é máis ca unha réplica da enorme e rica variedade que se dá no contorno e no propio barrio.

Ata o presente esta diversidade viña sendo social, económica e mesmo cultural, pero sempre con diferenzas marcadas dentro da cultura maioritaria. A cultura minoritaria con meirande

representación segue a ser a xitana. Nestes momentos a situación está mudando. A afluencia de inmigrantes de distintas procedencias, aínda que feble e maina, pode desencadear conflitos debido ao descoñecemento das partes, e é daquela cando debemos adiantarnos e establecer mecanismos de traballo preventivo e cun desenvolvemento temperán.

Pola súa parte, a Fundación Secretariado Xitano é unha entidade social intercultural sen ánimo de lucro que presta servizos para o desenvolvemento da comunidade xitana en todo o Estado español e no ámbito europeo. Ten como obxectivo a promoción integral da comunidade xitana dende o respecto á súa identidade cultural.

Facer presente a cultura xitana

Dado o considerable número de alumnado de etnia xitana que estuda no IES, a escola abre as súas portas ao ver que con esta experiencia ten a oportunidade de facer visibles os seus referentes dentro do currículo, de dar a coñecer a súa cultura e de rachar vellos

estereotipos e prexuízos.

Os obxectivos que vertebran a experiencia son:

- Preparar o alumnado para vivir nunha sociedade caracterizada por unha grande diversidade cultural.
- Fomentar actitudes que reforcen a comprensión e a solidariedade entre os cidadáns.
- Facer visible a cultura do pobo xitano.
- Espertar e afondar no interese polo coñecemento e o respecto a outras culturas.
- Favorecer unha maior tolerancia, respecto e atención cara ás distintas desigualdades de sexo, raza, cultura, relixións, etc.
- Propiciar un clima de centro baseado na convivencia, que entenda a interculturalidade como un sinal de identidade propia.

Os contidos da exposición

A exposición contaba con cincuenta e seis paneis explicativos acompañados de fotografías, agrupados en seccións temáticas, que presentamos con colorido diferente e coas seguintes cabeceiras:



Foto 1. As guías reciben os visitantes para iniciar as explicacións.

1. No camiño dende A India. Orixe e movementos migratorios.
2. Unha historia de persecucións e sufrimentos. Leis discriminatorias e momentos graves de persecución.
3. Un pobo sen fronteiras. Xitanos en España e noutros países.
4. Unha cultura oral. Información sobre a súa lingua: *romaní*, caló.
5. A familia extensa: corazón da comunidade. Respecto e valores na familia xitana.
6. A alegría de vivir. Festas e celebracións.
7. Oficios tradicionais. Cestaría, *chalaneo*, restauración de antigüidades, etc.
8. Herdanza dos sabores. Cultura gastronómica.
9. Música. Audicións e nomes de artistas de sona do pobo xitano.
10. As artes por descubrir. Creadores "paíos" que se inspiraron neste pobo.
11. Xitanos e xitanas hoxe. Situación actual da comunidade xitana: vivenda, emprego, etc.

Relatos e xogos

Amparo, de etnia xitana, é a mediadora cultural da Fundación. Ela fixo de guía para os grupos de rapaces polas distintas seccións da exposición e

soubo transmitir con moita enerxía e entusiasmo a ampla riqueza cultural da súa comunidade. Tamén falou das dificultades polas que pasaron dende que partiron da India e como foron chegando a moitos países do mundo, entre eles España, alá polo século XV.

Asisten á exposición todos os grupos de 1.º e 2.º de ESO, nos que hai matriculado un maior número de alumnos xitanos, e bastantes do resto de cursos. Así mesmo contou coa presenza dalgún pai, de persoas da Administración -da Consellería de Educación e do Concello de Santiago- e, por suposto, de rapaces e rapazas doutros centros.

A actividade tivo, ademais, unha vertente interactiva, e púidose xogar cos dominós e tamén con programas interactivos de ordenador coma o *Maj Khetane* e aprender así algunha palabra de *romaní*: *kamelar*, *pinreles*, *chaval*, *canguelo*...

Tamén participamos nun lume de campamento: todos sentados arredor da cacharela. Os rapaces e rapazas xitanas do noso centro contaron un conto co que lembraron e reviviron a pasada vida nómade dos seus.

Rematamos esta experiencia educativa coa formulación dun cuestionario a través do que o

alumnado constata os coñecementos adquiridos sobre o pobo xitano e a súa cultura, os prexuízos existentes na nosa sociedade e a importancia dalgún dos valores presentes nesta comunidade.

Melloras observadas

Os resultados, que a xeito de conclusión, poderían tirarse da actividade exposta son os seguintes:

En primeiro lugar, mellora a autoestima do noso alumnado xitano, ao se sentir protagonistas da actividade.

En segundo, favorece o coñecemento de diferentes culturas e fai visible a minoritaria; en definitiva, favorece a convivencia e as relacións.

En terceiro, a publicidade que levou consigo a exposición propiciou a participación dun grupo importante de nenos e nenas da cultura "paia" no Obradoiro de percusión e caixa que a Fundación levou a cabo en San Lázaro. A mestizaxe lograda, a partir e como consecuencia directa da experiencia, pode considerarse como un punto de inflexión e vai máis alá dunha simple actividade convocada por e para xitanos.



A exposición amosa obxectos e xogos que axudan a comprender a cultura xitana.



CONTO XITANO

Hai moito, moitísimo tempo cando os *rom* (xitano en caló) atravesaron os Pireneos, era de inverno. Os cabalos apenas podían arrastrar as carretas. A neve cubría os vales e as montañas.

Manuel, enxoito, forte e de pel escura, era o home máis respectado por todas as familias *rom*. Pedro, fillo de Manuel, miraba cos seus grandes ollos negros as montañas, a súa xente, os seus irmáns e tíos guiando as carretas. De súpeto, seu pai deu a orde de parar a caravana. Montaron un campamento para pasar a noite. Súa nai e súas irmás, coas outras mulleres, prepararon o lume e a comida.

- Pedro, imos buscar leña- dixo seu avó.

Ao rapaz gustáballe ir co seu avó, porque este sabía moitas cousas. Faláballe de cando vivía nos buratos das montañas e aínda non coñecían os cabalos, dos países que percorrera a súa familia. E mentres o seu avó lle aprendía moreas de cousas, o tempo pasábaselle voando.

Transcorreran moitas lúas cando un día que estaba Pedro e o seu avó na carreta e vían como a neve se convertía en ríos de auga e como os campos pasaban do branco ao verde, Pedro preguntoulle:

- Por que quedamos aquí?

Foi daquela cando Antón, que así lle dicían ao avó, lle explicou que a súa viaxe comezara nun país de moi lonxe chamado A India. Explicoulle tamén que o máis importante era que toda a familia sempre estivese xunta, que tiñan cabalos para criar e vender e que sabían traballar coma ninguén o metal. Por iso, non tiñan de que se preocupar, podían comer e ata mercar vestidos e colares.

Logo, facendo un aceno coa man, convidou o seu neto a mirar cara arriba, mentres que emocionado, case coas bágoas nos ollos, lle dicía:

- A nosa casa é o mundo enteiro e o noso teito o ceo e as estrelas!

Pedro cría o seu avó. Matinaba no feliz que era correndo co seu poldro Ronaldo..., pensaba na súa familia que tanto lle quería, e sabía que, se pasaba algo, eran moitos para se defender.

Esa noite, Pedro mirou a lúa, sorriu e durmiu tranquilo.

(Subministrado por Amparo Jiménez)

Os nenos e as penas xitanos asumen un protagonismo importante na exposición.

